

A continuación infórmase dos acordos da reunión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 23 de xuño de 2015 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de maio de 2015.
- * Aprobación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2014 da Universidade de Vigo.
- * Aprobación das solicitudes de transferencia de gastos de capital a gastos correntes.
- * Aprobación das solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2014.
- * Aprobación do Programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da participación da empresa QUANTUM INNOVATIVE, S.L. como EBT da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da Normativa de programa conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
- * Aprobación de prórroga de Comisión de Servizos.
- * Aprobación da solicitude de extinción do título de Máster Universitario en “Información Técnica do Medicamento”.
- * Aprobación da Normativa de admisión a grao de estudantes con estudos universitarios iniciados na Universidade de Vigo ou noutra universidade española.
- * Aprobación do novo Programa de Maiores da Universidade de Vigo.
- * Adhesión da Universidade de Vigo á petición dun Pacto de Estado pola Infancia.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de León* para a organización de cursos de extensión universitaria no marco do convenio de colaboración do 2 de setembro de 2011 – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Particular de Loja* (Ecuador) para o envío de docentes do Dpto. de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Puerto Rico* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Ponta Grossa* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Ponta Grossa* (Brasil) para o intercambio de estudantes – *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and the Omsk State University F.M. Dostoyevsky* – *Specific agreement between the Universidade de Vigo and the Omsk State University F.M. Dostoyevsky* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Antioquia* (Colombia) para a investigación en procesado de voz – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad EAN* – Convenio de colaboración entre a EGAP e as universidades de Santiago de Compostela, Coruña e Vigo para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o cofinanciamento de congresos no 2015 – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar ao persoal investigador no SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do SUG para o cofinanciamento da adquisición e mantemento de infraestruturas e equipamento no marco do Plan Estatal de I+D+i.
- * Foi elixido o seguinte representantes na Comisión de Investigación:
 - Sector Estudantes: Pablo Pereira Sánchez (Fac. de Ciencias do Mar)

Vigo, 23 de xuño de 2015

O presidente

Salustiano Mato de la Iglesia

